



CUESTIÓNS TEÓRICAS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra sus datos antes de comenzar a
responder:*

Nome e apelidos
Nombre y apellidos

DNI:


Sinatura:
Firma:

Probas de constatación da competencia profesional para xestor de transporte

MERCADORÍAS TARDE MODELO A 24/10/2015

-GALEGO-

PUNTUACIÓN: no test, cada acerto vale 0,04 puntos; cada fallo resta 0,02. Na parte práctica, cada un dos seis supostos vale 1 punto. Para aprobar o exame é necesario conseguir como mínimo un 2 no test, un 3 na parte práctica e que a suma das dúas partes sexa como mínimo dun 6.



**Dé la vuelta al folleto
para disponer del examen en
CASTELLANO**



01. Como se denomina o cambio dunha cousa determinada por un prezo certo?

- a) Contrato de depósito.
- b) Permuta.
- c) Compravenda.
- d) Hipoteca.

02. Entre quen se asina o contrato de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Entre o cargador e o destinatario.
- b) Entre o cargador e o carrexador.
- c) Entre o remitente e o cargador.
- d) Entre o carrexador e o transportista.

03. No transporte nacional de mercadorías por estrada, que límite legal ten a indemnización que deberá aboar o carrexador en caso de perda ou avaría da mercadoría das que resulte responsable?

- a) Non poderá exceder dun cuarto do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples/día por cada quilogramo de peso bruto de mercadoría perdida ou avariada.
- b) Non poderá exceder da metade do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples/día por cada quilogramo de peso bruto de mercadoría perdida ou avariada.
- c) Non poderá exceder dun terzo do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples/día por cada quilogramo de peso bruto de mercadoría perdida ou avariada.
- d) Non poderá exceder de 4,5 euros por quilogramo de peso bruto de mercadoría perdida ou avariada.

04. A carta de porte asinada por ambas as dúas partes, fará fe da conclusión e do contido do contrato?

- a) Si.
- b) Si, pero só nos transportes en que interveñen operadores de transportes.
- c) Si, pero só nos transportes internacionais.
- d) Non.

05. Cando se inicia a responsabilidade do carrexador respecto das mercadorías nun transporte nacional por estrada?

- a) Dende que se acorda a realización do transporte.
- b) Dende o momento en que recibe materialmente o transportista o envío para o seu transporte.
- c) Cando descarga o envío e o entrega ao consignatario.
- d) Ás 24 horas da firma da carta de porte.

06. No transporte nacional, quen é o operador de transporte de mercadorías?

- a) A persoa física ou xurídica, titular dunha empresa habilitada para intermediar, nos termos legalmente establecidos, na contratación do transporte de mercadorías.
- b) A persoa física ou xurídica, titular dunha empresa concibida e equipada para o transporte de mercadorías por estrada por conta allea, cos seus propios medios persoais e materiais.
- c) A persoa física ou xurídica que, por conta propia ou allea, debe realizar o transporte cos seus propios medios.
- d) A persoa física ou xurídica que materialmente fai a entrega das mercadorías ao carrexador para o seu transporte.

07. As empresas que prestasen a colaboración a outros transportistas de mercadorías por estrada, que mencións deberán reflectir nos seus documentos contables?

- a) As empresas para as que os transportes se realizasen en colaboración.
- b) O número de quilómetros percorridos en cada unha das viaxes.
- c) As cantidades cobradas polas viaxes.
- d) Todas as mencións citadas son obrigatorias.

08. No caso de colaboración entre transportistas de mercadorías por estrada, a que organismo se lle encomenda a súa inspección e control?

- a) Á Policía autonómica.
- b) Á Inspección de Facenda.
- c) Á Inspección do Transporte.
- d) Á Garda Civil de Tráfico.

09. No transporte nacional de mercadorías por estrada, se un cargador incumpre o prazo determinado para realizar a carga dun envío, que responsabilidade poderá derivarse?

- a) O cargador pode esixir indemnización ao carrexador.
- b) O consignatario pode pedir ser indemnizado.
- c) O carrexador pode esixir indemnización por paralización do vehículo.
- d) Aínda que sexa por forza maior, o carrexador será indemnizado.



10. Que se coñece coas siglas CMR?

- a) O Convenio relativo ao contrato de transporte internacional de mercadorías.
- b) O Convenio relativo ao contrato de transporte terrestre internacional de mercadorías.
- c) O contrato de transporte regular de mercadorías por estrada.
- d) O Convenio relativo ao contrato de transporte internacional de mercadorías por estrada.

11. O CMR aplícase a todos os contratos de transporte?

- a) Si, sen excepcións.
- b) Non, só se aplica aos contratos de transporte internacional.
- c) Non, só se aplica aos contratos de transporte internacional de mercadorías por estrada a título oneroso entre dous países, uns dos cales sexa asinante do Convenio, e admítense excepcións.
- d) Non, só se aplica aos contratos de transporte dentro da Comunidade Europea.

12. No Convenio CMR establécese un tipo uniforme de contrato de transporte. Como se denomina o documento no cal se formaliza o devandito contrato?

- a) Albará de carga CMR.
- b) Carta de porte.
- c) Declaración administrativa de porte.
- d) Tríptico CMR.

13. En que oficina do Rexistro Mercantil poden ser presentados os libros de contabilidade?

- a) En calquera do territorio español.
- b) Débense presentar na oficina do lugar no que teña o domicilio a empresa.
- c) En calquera que estea na Comunidade Autónoma onde radica a empresa.
- d) Na oficina da capital da Comunidade Autónoma onde estea domiciliada a empresa.

14. A nome de quen se debe efectuar a inscrición dunha empresa no Réxime Xeral da Seguridade Social?

- a) A nome da persoa natural ou xurídica titular da empresa.
- b) A nome dos traballadores.
- c) A nome do encargado da súa administración.
- d) A nome do representante dos traballadores.

15. A inscrición da empresa na Seguridade Social:

- a) Só será necesaria se hai máis de cincuenta traballadores na empresa.
- b) Só será necesaria para os empresarios individuais.
- c) É un trámite obrigatorio para todo empresario como paso previo ao inicio das súas actividades.
- d) Será necesaria só para empresas de máis de douscentos cincuenta traballadores.

16. Pode afectar o empresario individual ou obrigar coa súa xestión mercantil os bens propios (privativos) do seu cónxuxe sen o consentimento deste?

- a) Si, sempre.
- b) Non, en ningún caso.
- c) Só ata 10.000 euros.
- d) Só se os adquiriu durante o matrimonio.

17. De que Ministerio dependen os Rexistros Mercantís?

- a) Do Ministerio de Facenda.
- b) Do Ministerio de Industria.
- c) Do Ministerio de Xustiza.
- d) Do Ministerio do Interior.

18. En que tipo de sociedade non responden persoalmente os socios?

- a) Colectiva.
- b) Anónima.
- c) Colectiva e comanditaria.
- d) Anónima e colectiva.

19. Onde debe inscribirse a escritura pública de constitución de toda sociedade de capital?

- a) No Rexistro da Propiedade.
- b) No Rexistro Notarial.
- c) No Rexistro Mercantil.
- d) No Ministerio de Economía e Facenda.



20. Como se realizará a distribución de beneficios nunha sociedade de responsabilidade limitada, salvo disposición contraria dos estatutos?

- a) Entre os fundadores da sociedade en proporción á súa participación no capital social.
- b) Entre os socios, en proporción á súa participación no capital social.
- c) Entre os socios e a todos por igual.
- d) Só entre os asistentes ás Xuntas.

21. A sociedade cooperativa constitúese mediante:

- a) escritura pública e inscrición no Rexistro Mercantil.
- b) escritura pública e inscrición no Rexistro Xeral de Sociedades.
- c) escritura pública e inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas.
- d) documento redactado por avogado en exercicio e inscrición nos Rexistros Mercantil e de Cooperativas.

22. Cal é a finalidade do Comité de Recursos nunha cooperativa de primeiro grao?

- a) Tramitar todas as sancións impostas aos socios.
- b) Buscar fontes de financiamento da cooperativa ou recursos financeiros alleos e tramitar todos os recursos que a cooperativa poida interpoñer fronte ás sancións que se lle impoñan.
- c) Tramitar e resolver os recursos contra as sancións impostas aos socios polo Consello Reitor.
- d) Censurar as contas anuais.

23. Cando en actuacións por delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica se manifesten indicios de estado de insolvencia dalgún presunto responsable penal e de que existan varios acredores, cal será a actuación do Ministerio Fiscal?

- a) Instará do xuíz que coñeza da causa a comunicación dos feitos ao xuíz do mercantil con competencia territorial para coñecer do concurso do acredor.
- b) Instará do xuíz que coñeza da causa a comunicación dos feitos aos acredores cuxa identidade resulte das actuacións penais en curso.
- c) Non debe intervir neste proceso.
- d) As respostas A e B son correctos.

24. Que consecuencia levará consigo o incumprimento dos traballadores das obrigas legais en materia de prevención de riscos?

- a) Terá a consideración de incumprimento laboral, e pode ser sancionado polo empresario.
- b) Liberará o empresario do cumprimento do seu deber nesta materia.
- c) Terá a consideración de incumprimento socioeconómico.
- d) Non se considerará como incumprimento laboral.

25. En materia de prevención de riscos laborais, cal das seguintes opcións é a correcta?

- a) Os traballadores non poden informar o superior xerárquico directo de calquera situación que, ao seu xuízo, entrañe un risco para a seguridade e a saúde, deben informar soamente os delegados de prevención.
- b) Os traballadores teñen dereito a recibir equipos de protección por parte do empresario, e están obrigados así mesmo ao seu mantemento.
- c) Os traballadores están obrigados a non poñer fóra de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes.
- d) Os traballadores non están obrigados a utilizar os dispositivos de seguridade existentes, cada traballador é libre de decidir a súa utilización posto que é o propio traballador quen asume o risco en caso de accidente.

26. Quen forma o Comité de Seguridade e Saúde na empresa?

- a) Os delegados de prevención e os delegados sindicais.
- b) Os delegados de prevención, dunha parte, e polo empresario e/ou os seus representantes en número igual ao dos delegados de prevención, da outra.
- c) Os delegados de prevención e os representantes das seccións sindicais.
- d) Os traballadores elixidos por e entre os membros do comité de empresa.

27. Quen debe(-n) realizar a avaliación inicial dos riscos para a seguridade e saúde dos traballadores dunha empresa?

- a) É unha obriga do Comité de Seguridade e Saúde da empresa, de cuxo cumprimento será responsable.
- b) É unha obriga do empresario, que deberá asegurarse da efectiva execución das actividades preventivas.
- c) É unha competencia da Inspección de Traballo, e o empresario está obrigado a cooperar, pero non a iniciar a avaliación.
- d) É unha obriga conxunta do Comité de Seguridade e Saúde da empresa e do empresario, de cuxo cumprimento serán ambos os dous responsables.



28. En que tipo de empresas está obrigado o empresario a constituír un servizo de prevención propio para realizar a actividade preventiva?

- a) Nas empresas de máis de 500 traballadores, nas empresas que empreguen entre 250 e 500 traballadores e desenvolvan algunha das actividades que o Regulamento dos Servizos de Prevención considere perigosas, así como nas empresas nas que a autoridade laboral o decida.
- b) Nas empresas de máis de 500 traballadores, así como nas empresas nas que a autoridade laboral o decida.
- c) Nas empresas que empreguen entre 250 e 500 traballadores e desenvolvan algunha das actividades que o regulamento dos Servizos de Prevención considere perigosas, así como nas empresas nas que a autoridade laboral o decida.
- d) Exclusivamente nas empresas nas que a autoridade laboral o decida.

29. Como se desenvolverán as funcións preventivas nas empresas de ata 10 traballadores?

- a) Realizaranas necesariamente as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.
- b) Levaranas a cabo necesariamente un ou varios traballadores da empresa, designados polo empresario.
- c) Poden ser asumidas persoalmente polo empresario (agás a vixilancia da saúde dos traballadores), sempre que se dean os requisitos esixidos na Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- d) Poden ser realizadas por un ou varios traballadores da empresa ou polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, pero nunca polo empresario persoalmente.

30. En que posición ha de estar colocado o conmutador do aparato tacógrafo mentres o condutor carga o vehículo?

- a) En tempo de descanso.
- b) En tempo de dispoñibilidade.
- c) En tempo de condución.
- d) En tempo doutros traballos.

31. Segundo o Regulamento (CE) 561/2006, cal é o máximo permitido de condución diaria?

- a) 8 horas, só dúas veces en semana que pode chegar a 10 horas.
- b) 8 horas, agás dúas veces en semana que pode chegar a 9 horas.
- c) 9 horas, agás dúas veces en semana que pode chegar a 10 horas.
- d) 9 horas, agás tres veces por semana que pode chegar a 10 horas.

32. Como se considera o transporte dunha mercadoría para os efectos do IVE?

- a) Unha prestación de servizos.
- b) Un contrato de obra.
- c) Non ten consideración.
- d) Unha entrega de bens.

33. Cal é o ámbito territorial de aplicación do Imposto sobre o Valor Engadido?

- a) Provincial.
- b) Municipal.
- c) Estatal.
- d) Autonómico.

34. De entre as opcións enumeradas a continuación, que imposto grava a compra de combustible?

- a) Imposto sobre o Valor Engadido.
- b) Imposto sobre Actividades Económicas.
- c) Imposto sobre Vehículos.
- d) Imposto sobre Sociedades.

35. Como se determinan as cantidades a ingresar en Facenda no réxime simplificado do IVE?

- a) Pola diferenza entre a cantidade repercutida e a cantidade soportada.
- b) Mediante índices, módulos e demais parámetros fixados por Facenda.
- c) Mediante índices exclusivamente.
- d) Pola diferenza entre o imposto soportado e a cota tributaria.

36. Que poderá facer unha empresa á que na liquidación do IVE do primeiro trimestre lle resulta unha cantidade negativa?

- a) Pagarlla a Facenda.
- b) Pedir a devolución desta cantidade a Facenda.
- c) Compensala no seguinte trimestre.
- d) Non presentar a liquidación dese trimestre a Facenda.



37. Que imposto grava o beneficio obtido polo desenvolvemento da súa actividade, se un transportista se constitúe como empresario individual?

- a) O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
- b) O Imposto sobre o Patrimonio Neto Empresarial.
- c) O Imposto sobre Sociedades.
- d) O Imposto sobre o Valor Engadido.

38. Que se entende por capacidade de carga do vehículo no sistema de estimación obxectiva do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas?

- a) A masa máxima total autorizada.
- b) As taras correspondentes aos vehículos portantes.
- c) A diferenza entre a masa máxima total autorizada, co límite de 40 toneladas, e a suma das taras correspondentes aos vehículos portantes.
- d) Ningunha das anteriores.

39. Que conceptos se poden considerar deducibles no Imposto sobre Sociedades?

- a) As perdas por deterioración dos créditos derivadas das posibles insolvencias dos debedores.
- b) As multas e sancións.
- c) As perdas do xogo.
- d) Todas as anteriores son falsas.

40. Cal é o tipo de gravame aplicable ás empresas de reducida dimensión no Imposto sobre Sociedades para os períodos impositivos iniciados dentro do ano 2015?

- a) O 35%.
- b) O 30%.
- c) O 25% pola parte de base imponible entre 0 e 120.000 euros e o 30% pola parte de base imponible restante.
- d) O 25% pola parte de base imponible entre 0 e 300.000 euros e o 28% pola parte de base imponible restante.

41. En cal dos seguintes impostos participan na súa xestión as corporacións locais?

- a) O Imposto sobre Actividades Económicas.
- b) O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
- c) O Imposto Especial de Hidrocarburos.
- d) O Imposto sobre o Valor Engadido.

42. Onde se presentarán as declaracións de alta e baixa no Imposto sobre Actividades Económicas?

- a) Na Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- b) No concello.
- c) Na Consellaría de Facenda.
- d) Na deputación provincial.

43. Que significa o "beneficio de excusión" no contrato de fianza?

- a) Que o fiador non poderá ser obrigado a pagar se non se cobran previamente cos bens do debedor.
- b) Que o fiador poderá escusarse de pagar se o debedor non ten bens abondo.
- c) Que o fiador poñerá en venda os bens do debedor e pagará co importe que tivese.
- d) Que o acredor e debedor acordan excluír o fiador do pagamento das débedas.

44. Como se denominan os compradores de bens e servizos que non teñen a condición estrita de clientes?

- a) Acredores.
- b) Debedores.
- c) Acredores comerciais.
- d) Provedores.

45. Unha empresa de transportes pode valorar os seus elementos patrimoniais como desexe?

- a) Si, mentres estea aprobado polo Ministerio de Facenda.
- b) Si, pode facer a valoración como desexe, pero debe mantela un mínimo de 3 anos sen modificacións.
- c) Non, debe axustarse aos criterios do Plan Xeral de Contabilidade.
- d) Non, debe axustarse aos prezos oficiais que publica o Boletín Oficial do Rexistro Mercantil.

46. Como debe realizarse o contrato de seguro?

- a) Por escrito cando o ben asegurado sexa un ben inmovible ou se trate dun seguro de vida; no resto dos supostos hai liberdade de forma.
- b) Sempre por escrito.
- c) Pode facerse de forma oral ou por escrito.
- d) Depende da contía que se pretenda asegurar.



47. Que medidas debe adoptar o tomador do seguro, ou o asegurado, despois de acontecido un accidente?

- a) Debe comunicar o sinistro.
- b) Debe reclamar o outro implicado no accidente.
- c) Non debe adoptar ningunha medida ata que apareza o perito da compañía.
- d) Debe anotar as circunstancias deste.

48. Cal das seguintes técnicas é útil para incrementar a rendibilidade?

- a) Incremento do prezo de venda.
- b) Diminución de custos.
- c) Mellorar a combinación de servizos.
- d) As tres anteriores respostas son correctas.

49. Existen seguros de subscripción obrigatoria?

- a) Si, en ramos como o do automóbil ou o de transporte de viaxeiros.
- b) Non, quedaron suprimidos dende a publicación da Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro.
- c) Non, todos son voluntarios e de subscripción supeditada ao interese do contratante.
- d) Todos os seguros son obrigatorios.

50. O tomador do seguro e o asegurado son sempre a mesma persoa?

- a) Si, sempre.
- b) Si, nos seguros do automóbil, non para o resto de seguros.
- c) Non, poden ser persoas distintas.
- d) Necesariamente teñen que ser persoas distintas.

51. Quen ten a obriga de aboar as primas nun contrato de seguro?

- a) O asegurado.
- b) O beneficiario.
- c) O tomador.
- d) O asegurador.

52. Que documento testemuña a vixencia do seguro de responsabilidade civil de vehículos a motor?

- a) O xustificante de pagamento da prima do período de seguro en curso.
- b) A proposición de seguro.
- c) A solicitude de seguro acompañada do xustificante de pagamento da prima do período de seguro en curso.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

53. Quen asume o risco existindo un contrato de seguro da mercadoría transportada?

- a) O cargador.
- b) O asegurador.
- c) O tomador.
- d) Ningún dos anteriores.

54. Quen estende a factura no caso de compravenda?

- a) O comprador.
- b) O vendedor
- c) O beneficiario.
- d) Ningún dos anteriores.

55. É obrigatorio conservar as facturas?

- a) Só copia das emitidas.
- b) Só orixinais das recibidas.
- c) Non.
- d) Si, tanto as recibidas coma copia das expedidas.

56. Pódese rectificar unha factura xa emitida e entregada ao destinatario da operación?

- a) Sempre que o pida o cliente.
- b) Nos casos nos que o comprador venda á súa vez a mercadoría a un terceiro, pode pedir que se cambie o seu nome polo do terceiro na factura orixinal.
- c) Nos supostos de erro.
- d) As facturas non se poden rectificar nunca.

57. Como reciben os almacenistas-distribuidores as mercadorías dos seus clientes?

- a) En comisión.
- b) Baixo fianza.
- c) En depósito.
- d) En prenda.



58. Das seguintes opcións, cal reúne os requisitos previos que se requiren para obter unha autorización de operador de transportes de mercadorías?

- a) Dispoñer dun mínimo de tres vehículos pesados.
- b) Dispoñer de polo menos un vehículo pesado con título habilitante de carácter nacional.
- c) Soamente é necesario acreditar competencia profesional.
- d) Entre outros, é necesario acreditar honorabilidade, capacidade financeira, competencia profesional e local con licenza de apertura.

59. Se demostro ante a Administración a posesión dos coñecementos necesarios para o exercicio da actividade de transportista, que requisito se me recoñecerá como cumprimento?

- a) Honorabilidade.
- b) Capacidade financeira.
- c) Acceso ao mercado.
- d) Competencia profesional.

60. As normas comunitarias que regulan as condicións de acceso á profesión de transportista por estrada, onde son aplicables?

- a) Son aplicables en todos os países europeos.
- b) Son aplicables só nos países asinantes do Tratado de Xenebra.
- c) Son aplicables en todos os países da Unión Europea.
- d) Son aplicables en Europa e algúns países do norte de África.

61. É esixible o requisito de competencia profesional para obter autorización de transporte público de mercadorías cun vehículo de máis de 3,5 toneladas de MMA?

- a) Si.
- b) Non, se a autorización é de ámbito local.
- c) Non, posto que o vehículo é lixeiro.
- d) Só para autorizacións de ámbito nacional.

62. Como se documentan as autorizacións que habilitan exclusivamente para a realización de transporte público de mercadorías en vehículos lixeiros?

- a) En tarxetas identificadas pola clave MDP.
- b) En tarxetas identificadas pola clave MDL.
- c) En tarxetas identificadas pola clave MPC.
- d) En tarxetas identificadas pola clave XD.

63. A transmisión de autorizacións de transporte público de mercadorías realizarase en favor dos titulares:

- a) que reúnan o requisito de competencia profesional.
- b) que dispoñan da capacidade financeira pertinente.
- c) que cumbran o requisito de honorabilidade.
- d) Todas os requisitos anteriores son necesarios.

64. A quen deberá dirixirse unha empresa domiciliada en Madrid para solicitar unha autorización de transporte público de mercadorías?

- a) Á Comunidade de Madrid.
- b) Ao Concello de Madrid.
- c) Á Dirección Xeral de Tráfico.
- d) Ao Ministerio de Fomento.

65. Un vehículo provisto de copia dunha autorización de transporte privado complementario de mercadorías, pode realizar un transporte público?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Depende da clase de mercadoría.
- d) Depende do tipo de vehículo.

66. As autorizacións bilaterais de transporte internacional de mercadorías por estrada expediranse:

- a) a nome da empresa solicitante.
- b) para o vehículo que haxa de realizar a viaxe.
- c) a nome do condutor que vaia conducir o vehículo que realice a viaxe.
- d) indistintamente, en calquera das tres modalidades sinaladas.



67. Cando deberán formularse as solicitudes de autorizacións multilaterais do continxente de CEMT?

- a) En calquera época do ano.
- b) Entre os días 1 e 20 de decembro de cada ano.
- c) Entre os días 10 e 20 de novembro de cada ano.
- d) Necesariamente durante o transcurso do mes de xaneiro de cada ano.

68. Que se entende por operación TIR?

- a) O transporte de mercadorías, dende unha alfándega de saída ata unha alfándega de destino, conforme ao procedemento establecido no Convenio TIR.
- b) Calquera transporte internacional de mercadorías sometido a autorización administrativa previa.
- c) Todo aquel transporte internacional non sometido ao Convenio CMR.
- d) O transporte internacional remolcado.

69. Que se entende por mercadoría voluminosa para os efectos do transporte TIR?

- a) A que teña un peso superior a 150 quilogramos por metro cúbico.
- b) A que teña un peso inferior a 150 quilogramos por metro cúbico.
- c) Todo obxecto que polas súas dimensións non sexa transportado ordinariamente nun vehículo pechado, nin nun contedor pechado.
- d) Toda aquela mercadoría que teña unha das súas medidas superior a 2,50 metros.

70. Que é un tren de estrada?

- a) Unha unidade de transporte formada por un vehículo de motor e un semirremolque.
- b) Unha unidade de transporte formada por un vehículo de motor e un remolque.
- c) Unha unidade de transporte formada por unha cabeza tractora e un semirremolque.
- d) Unha unidade de transporte formada por un vehículo articulado e un semirremolque.

71. Con que frecuencia pasarán a inspección técnica os vehículos dedicados ao transporte de mercadorías ou cousas de masa máxima autorizada superior a 3,5 toneladas e as cabezas tractoras independentes de máis de 10 anos de antigüidade?

- a) Están exentos da inspección técnica.
- b) Semestral.
- c) Anual.
- d) Bienal.

72. En que territorio lles está permitido circular aos vehículos con permiso temporal de circulación para probas?

- a) En todo o territorio nacional.
- b) Na provincia cuxa xefatura expedise o permiso.
- c) Na Comunidade que expedise o permiso.
- d) Non poden superar 50 quilómetros do lugar de expedición do permiso.

73. A quen lle corresponde a responsabilidade do mantemento da vixencia da tarxeta ITV (Inspección Técnica de Vehículos)?

- a) Ao condutor do vehículo.
- b) Ao operador de transporte que interveña na contratación.
- c) Ao arrendador do vehículo.
- d) Ao titular do vehículo.

74. Teñen que estar homologados os vehículos para os efectos dos niveis de emisión de perturbacións e contaminantes?

- a) Si.
- b) Non, pois a homologación unicamente afecta ás condicións técnicas e de seguridade.
- c) Non, pois todo o relativo ao impacto ambiental é competencia das Comunidades Autónomas.
- d) Só aqueles cuxo peso máximo autorizado sexa superior a 3.500 quilogramos.

75. Respecto do medio ambiente, que regula a lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria?

- a) A utilización de tubos de escape especiais.
- b) Os efectos da contaminación na saúde das persoas.
- c) A emisión de gases e de rúidos por enriba das limitacións que regulamentariamente se establezan.
- d) Os controis de homologación dos vehículos.

76. Que se entende por matricular un vehículo?

- a) O acto de poñerlle as placas de matrícula.
- b) A obtención da correspondente autorización para poder circular polas vías públicas.
- c) A inscrición no rexistro de vehículos de Industria.
- d) É a obtención da tarxeta ITV (Inspección Técnica de Vehículos).



77. En caso de transferencia dun vehículo, que organismo anotará no Rexistro de Vehículos ao adquirente como novo titular?

- a) O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
- b) A Xefatura Provincial de Tráfico.
- c) O Ministerio de Fomento.
- d) O concello respectivo.

78. Por que se caracteriza principalmente o contedor?

- a) Por non ter carácter permanente.
- b) Por ter un volume mínimo de 3 metros cúbicos.
- c) Por estar construído de maneira que poida suxeitarse e/ou manipularse doadamente, con cantoneiras para ese fin.
- d) Por utilizarse só en Europa.

79. Segundo a normativa relativa á protección dos animais vivos durante o seu transporte, en cal das situacións que se citan a continuación poden viaxar os animais xuntos?

- a) Especies por natureza hostís entre si.
- b) Os machos e femias sexualmente maduros.
- c) Verróns reprodutores adultos.
- d) As femias coas crías que aleiten.

80. Segundo a orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais de circulación, as prescricións indicadas polos sinais verticais prevalecerán sobre as indicadas por:

- a) as marcas viarias.
- b) os semáforos.
- c) a sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía.
- d) os sinais e ordes dos axentes de circulación.

81. Que cualificación tería a infracción consistente no exceso sobre a masa máxima autorizada dun 17% en vehículos de máis de 12 toneladas de masa máxima autorizada?

- a) Moi grave.
- b) Grave.
- c) Leve.
- d) Non constitúe infracción.

82. Regula o Regulamento Xeral de Circulación a emisión de gases contaminantes polos vehículos?

- a) Si, pero só con referencia a vehículos destinados ao transporte de mercadorías internacional.
- b) Si, pero só con referencia ás motocicletas e ciclomotores.
- c) Si, prohibindo o escape libre, a ausencia de silenciador e a expulsión ao exterior de combustible non queimado ou fumes.
- d) Non, é materia das leis de medio ambiente.

83. Que características teñen os dispositivos de presinalización de perigo?

- a) Dispóñense nun círculo con bordos vermellos.
- b) Dispóñense nun triángulo con bordos vermellos.
- c) Dispóñense nun círculo con bordos amarelos.
- d) Dispóñense nun triángulo con bordos amarelos.

84. Como se calculará a carga máxima dunha cisterna destinada ao transporte de mercadorías perigosas por estrada?

- a) En función da perigosidade da mercadoría.
- b) En función do grao de inflamabilidade.
- c) En función da capacidade da cisterna e a carga residual contida.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

85. Unha vez finalizado o curso de formación, cal é o prazo máximo de que dispoñen os aspirantes á cualificación inicial do CAP (Certificado de Aptitude Profesional) para superar o exame correspondente?

- a) 12 meses.
- b) 6 meses.
- c) 3 meses.
- d) Non hai fixado ningún prazo.



86. Requírese ser titular dalgún permiso de conducir para seguir os cursos e concorrer aos exames destinados á obtención do CAP.(Certificado de Aptitude Profesional), acreditativo da cualificación inicial na súa modalidade ordinaria?

- a) É necesario ser titular dun permiso de condución de polo menos tipo B.
- b) É necesario ser titular dun permiso de condución como mínimo das categorías C1 ou C1+E.
- c) É necesario ser titular dun permiso de condución das categorías C1, C1+E, C ou C+E.
- d) Non é necesario ser titular de ningún permiso de condución.

87. Unha vez obtido o certificado de aptitude profesional (CAP), acreditativo da formación inicial como condutor, en que prazo máximo se esixe seguir o correspondente curso de formación continua?

- a) Antes de que transcorran 10 anos.
- b) Antes de que transcorran 7 anos.
- c) Antes de que transcorran 5 anos.
- d) Antes de que transcorran 3 anos.

88. Que tipo de curso de formación continua deberán superar os condutores que xa posúen o CAP (Certificado de Aptitude Profesional)?

- a) Un curso dunha duración de 50 horas cada 10 anos.
- b) Un curso dunha duración de 50 horas cada 5 anos.
- c) Un curso dunha duración de 35 horas cada 10 anos.
- d) Un curso dunha duración de 35 horas cada 5 anos.

89. No transporte nacional de mercadorías por estrada, que formas de pagamento do transporte se admiten?

- a) Diñeiro.
- b) Calquera instrumento con poder liberatorio.
- c) A forma que se pactase.
- d) Todas as respostas con correctas.

90. Segundo as condicións xerais de contratación que rexen no transporte nacional de mercadorías por estrada, cando non conste a hora na que o transportista recibiu o envío, o prazo para o seu transporte e entrega empezará a contarse a partir de:

- a) as cero horas do día de recepción do envío.
- b) as cero horas do día seguinte á recepción do envío.
- c) as 12 horas do día de recepción do envío.
- d) as 12 horas do día seguinte á recepción do envío.

91. Pódese facer un asento global de varias facturas no Libro rexistro de facturas recibidas?

- a) Si.
- b) Si, pero deberon ser recibidas na mesma data.
- c) Si, pero deben referirse ao mesmo tipo de mercadoría ou servizo.
- d) Non, sempre hai que anotar unha por unha separadamente.

92. Onde debe domiciliarse, como regra xeral, a autorización de transporte público de mercadorías?

- a) Onde estean matriculados os vehículos.
- b) No domicilio particular do titular.
- c) No domicilio fiscal do titular.
- d) Onde se realicen a maioría das operacións.

93. O resultado da proba de alcoholemia considérase positivo, no caso de condutores de transportes de mercadorías perigosas, cando se supera unha taxa de alcohol en aire expirado de:

- a) 0.05 miligramos por litro.
- b) 0.15 miligramos por litro.
- c) 0.1 miligramos por litro.
- d) 0.10 miligramos por litro.

94. Que tipo de actuación debe realizar ante o concello quen queira abrir un establecemento mercantil?

- a) Solicitar licenza de obras, en todo caso.
- b) Presentar comunicación previa ou declaración responsable ou solicitar licenza de actividade segundo os casos, así como licenza de obras se van realizarse e o esixe a importancia destas.
- c) Solicitar licenza de derrubamento.
- d) Solicitar licenza de manipulador.



95. Cal das seguintes rendas está exenta do IRPF?

- a) Os soldos e xornais.
- b) Os rendementos da actividade de transporte.
- c) Os premios da lotaría nacional.
- d) As indemnizacións como consecuencia de responsabilidade civil por danos persoais, na contía legal ou xudicialmente recoñecida.

96. Cal dos seguintes requisitos é necesario para obter unha autorización de transporte público habilitante exclusivamente para a realización de transporte en vehículos lixeiros?

- a) Dispoñer, polo menos, dun vehículo con calquera antigüidade.
- b) Dispoñer, polo menos, dun vehículo cunha antigüidade máxima de cinco meses.
- c) Non é necesario acreditar dispoñer de vehículos.
- d) Que o vehículo nunca transporte mercadorías perigosas.

97. As autorizacións administrativas que habiliten para a realización de transporte de mercadorías de ámbito nacional expediranse na modalidade de:

- a) autorización de empresa.
- b) autorización de vehículo.
- c) autorización por viaxe.
- d) autorización por tempo determinado.

98. Que indicacións debe recoller a placa de certificación de conformidade dun vehículo acondicionado para o transporte de mercadorías percedoiras?

- a) As letras ATP.
- b) A marca de identificación correspondente á clase e categoría da unidade.
- c) A data na que expira a autorización da unidade.
- d) Todas as respostas son correctas.

99. Cal é a mellor forma de trasladar os feridos dun accidente de tráfico?

- a) En taxi.
- b) En ambulancia.
- c) En moto.
- d) En camión.

100. Na conta de perdas e ganancias os ingresos e gastos clasifícanse:

- a) de acordo co seu importe.
- b) de acordo coa súa data de obtención.
- c) de acordo coa súa natureza.
- d) de acordo con calquera dos criterios anteriores, por vontade da empresa.

Preguntas de reserva (só se corruxirán se se anula algunha das anteriores)

101. Como se diferencian as accións nominativas e as accións ao portador dunha sociedade anónima?

- a) As primeiras expresan o nome do titular.
- b) As segundas expresan o nome do titular.
- c) As primeiras permiten votar ao titular, as segundas non.
- d) Non se diferencian en nada.

102. Quen forma o Comité de Seguridade e Saúde na empresa?

- a) Os delegados de prevención e os delegados sindicais.
- b) Os delegados de prevención, dunha parte, e polo empresario e/ou os seus representantes en número igual ao dos delegados de prevención, da outra.
- c) Os delegados de prevención e os representantes das seccións sindicais.
- d) Os traballadores elixidos por e entre os membros do comité de empresa.

103. Nun transporte nacional de mercadorías por estrada, cando comezará a contarse o prazo de prescrición para as accións de reclamación dunha indemnización por paralización?

- a) Aos dous meses da entrega da mercadoría ao carrexador.
- b) Aos tres meses da celebración do contrato.
- c) Aos dous meses da celebración do contrato.
- d) Aos tres meses da entrega da mercadoría ao consignatario.